

MEU BAILADOR

Nacías nesta mañá de hai mil anos
e eu gastaba paraugas e chapeu
de primavera cando xoves catorce no Obradoiro
brincaba a luz en auga de amorodos.
Un nubeiro entrara polo Mar de Vigo e viña afoute
en paso predador para ista Lingua.
Levan odio e cinsa das penúltimas borrxas.
Caro Avelino, a pousa de Antela viste en ti
e na lagoa das aves hai memoria dos teus pasos
cara ao Val do Xálima onde aquela noite era unha festa
de convivio cos irmaus de lonxe: a voz da gaita
e o tamboril que ghobernabas pra danza da muiñeira
e as noventa e cinco lagaradas e todos os paxaros
de acollida no teu ombro e no teu colo, Señor das risas,
terramar, buxaina, alborecida...sempre estás aí,
coma aloumiño e forza que non cesa.

Painoso bailador de tantas albas!

Xosé Vázquez Pintor
Quian, 14 de maio 2009